



Concello do Porriño

Concello do Porriño  
**TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES**

DOCUMENTO:

Data inicio de exposición: 28-05-2024

Data final de exposición: 14-06-2024

O Porriño, a de de

## **BASES DA SELECCIÓN DEFINITIVA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO COMPLETO DUNHA DAS PERSOAS PRESELECCIONADAS POLO SPEG, AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL 2024)**

### **1ª. OBXECTO**

As presentes bases redáctanse de conformidade coa ORDE do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G), publicado no DOGA número 17, do 24/01/24; a Instrución de xestión sobre o procedemento de selección dos programas de cooperación coas entidades locais do 24/04/24 e a Resolución do xefe territorial de Pontevedra da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, recibida en data 26/04/24, pola que se outorga unha subvención ao Concello do Porriño para a selección, na forma prevista no artigo 14 da orde de convocatoria, e contratación na modalidade de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral coas cláusulas específicas de traballos de interese social, de 1 peón/peoa forestal a xornada completa, durante un período de 9 meses, para a realización do servizo denominado "LIMPEZA DOS MONTES DO PORRIÑO APROL RURAL 2024", que realizará as tarefas de limpeza, desbroce e traballos preventivos nos montes, vías, marxes de pistas, áreas cortafogos, camiños e estradas de titularidade municipal; que responde a necesidades urxentes e inaprazables.

En consecuencia, elabóranse as presentes bases que teñen por obxecto regular a **urxente selección definitiva**, de entre as persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e que estean dispoñibles para o emprego, que figuren na relación dos/as demandantes preseleccionados/as e remitidos pola oficina pública de emprego do Porriño, previa remisión de solicitude de oferta de emprego, logo da pertinente sondaxe de demandantes seguindo os requisitos estipulados no artigo 14 da orde referida; para contratación laboral temporal do/a peón/peona forestal para realizar tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes, a xestión da biomasa, rozas e traballos preventivos nos montes, vías, marxes de pistas, áreas cortafogos, camiños e estradas de titularidade municipal, etc.

### **2ª. LIMITE NA PARTICIPACIÓN DESTA CONVOCATORIA**

De conformidade co disposto na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego público de Galicia, no Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 24 de marzo e no Real Decreto-Lei 10/2011, de 26 de

**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO (1 para 1)

Alcalde do Porriño

Data de Sinatura: 06/05/2024

PASHT: 0a3d38f406b0f0fcaad5d8f17242b5f



Concello do Porriño

Cod. Validación: 7K7NSNZH3LQCZ3F3MPRF5TAKZ  
Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 12





agosto, a Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo e na Orde que regula esta subvención:

Non poderán participar nesta convocatoria, quedando excluídos/as automaticamente da mesma:

-As persoas traballadoras que nun período de vinte e catro meses houberan estado contratadas polo Concello do Porriño durante un prazo ao que sumado a totalidade ou parte do tempo desta contratación puidera resultar máis de dezaoto meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo, mediante dous ou máis contratos por circunstancias da produción, sexa directamente ou a través da súa posta a disposición por empresas de traballo temporal, coas mesmas ou diferentes modalidades contractuais de duración determinada.

Quedarán excluído do cómputo do prazo indicado e do período de trinta meses a que se refiren o apartado anterior, o tempo transcorrido entre o 31 de agosto de 2011 e o 31 de decembro de 2012, existise ou non prestación de servizos polo traballador/a entre ditas datas, computándose en todo caso aos efectos do indicado en dito artigo os períodos de servizos transcorridos, respectivamente, con anterioridade ou posterioridade ás mesmas.

- As persoas traballadoras que fosen contratadas, por un período igual ou superior a nove meses, con cargo ás axudas concedidas no ano 2023 pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas (Procedementos: TR351A, TR351B, TR351F, TR351G, TR352A e TR352B).

### **3ª. REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES**

Para tomar parte nesta convocatoria, os/as aspirantes deberán reunir e acreditar os seguintes requisitos:

#### **A) Nacionalidade**

Ser español/a. *(Acreditarase mediante fotocopia do DNI)*

Os/as nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea e os estranxeiros/as residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións cos/cas españois aos empregos públicos nos termos e coas excepcións que determina o Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. *(Acreditarán ademais a súa nacionalidade ou a súa residencia respectivamente e o cumprimento das condicións establecidas para*

**Concello do Porriño**





*todos/as aspirantes, mediante a tarxeta acreditativa, en copia cotexada, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes dos seus pais de orixe)*

**B) Desempregado/a inscrito/a no servizo público de emprego de Galicia como demandante non ocupado e que estea dispoñible para o emprego.**

Ser persoa desempregada, inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e que estea dispoñible para o emprego. *(Este requisito quedará cumprido se o aspirante figura na relación de candidatos/as que deberá remitir a Oficina do Porriño do Servizo Público de Emprego de Galicia por mor da correspondente oferta que lle presente este Concello no modelo normalizado para o efecto)*

**C) Idade**

Ter 16 anos cumpridos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa na data de remate de presentación de instancias. *(Acreditarase de igual forma que o apartado A)*

**D) Titulacións**

Non se esixe estar en posesión de ningunha das titulacións previstas no sistema educativo aos/ás aspirantes a ser seleccionados/as e contratados/as.

**E) Capacidade funcional**

Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias da contratación obxecto destas bases. *(Acreditarase cunha declaración de responsabilidade do interesado/a)*

**F) Non haber sido separado/a ou inhabilitado/a**

Non haber sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin terse sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. *(Acreditarase cunha declaración de responsabilidade do interesado/a, sen prexuízo no seu caso de ter que acreditarlo tamén de xeito documental caso de que así o solicítase o Tribunal)*

**G) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade**

Non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou





incompatibilidade determinadas na lexislación vixente. (*Acreditarse cunha declaración de responsabilidade do interesado/a, sen prexuízo no seu caso de ter que acreditarlo tamén de xeito documental caso de que así o solicitase o Tribunal*)

H) Non estar comprendido en causa de encadeamento de contratos temporais e non ter sido contratado no exercicio 2023 con cargo ás axudas referidas na base 2ª

Non estar comprendido en causa de encadeamento de contratos temporais a e non ter sido contratado no exercicio 2023 con cargo ás axudas dos procedementos que se refire a base segunda de exclusión automática desta convocatoria. (*Acreditarse coa presentación do orixinal ou fotocopia da **certificación ou informe de vida laboral actualizada expedida no mes de maio de 2024** pola Tesourería Xeral da Seguridade Social da persoa candidata e do orixinal da declaración de responsabilidade do interesado/a*)

Tódolos anteriores requisitos deberán posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes e consévalos, polo menos, ata o momento de formalización do devandito contrato de traballo temporal.

#### **4ª. SOLICITUDES**

Os/as candidatos/as desempregados/as preseleccionados/as, segundo o artigo 14 da Orde de 26 decembro de 2023 e a Instrución de 24 de abril de 2024, que figuren no listado remitido pola Oficina de Emprego do Porriño, deberán presentar a solicitude para participar no proceso selectivo definitivo, dirixida ao Sr Alcalde do Concello do Porriño, no Rexistro Xeral deste Concello, en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres, á que xuntarán inescusablemente a documentación requirida nestas bases. O prazo de presentación será de **2 días hábiles** (non sendo o sábado día hábil a estes efectos) dende a publicación das presentes bases no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org), sección porremprego.

A solicitude poderá presentarse nos correspondentes modelos que se acompañan como **ANEXO** destas bases ou na forma que determina o art. 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e conterá, polo menos, os datos persoais do/a solicitante, co seu enderezo, a denominación do procedemento de selección a que se refire estas bases e á contratación que pretende e así mesmo unha declaración expresa de que coñece, acepta as Bases que rexen o proceso selectivo e reúne os requisitos sinalados nas mesmas. Xunto coa solicitude os/as aspirantes achegarán inescusablemente a documentación que acredite que cumpren os requisitos alegados e determinados nestas bases, tal como se indica en cada un dos seus apartados.







Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Alcalde ditará resolución pola que se aprobe a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, e designará o tribunal do proceso selectivo. A resolución aprobando a lista de admitidos/as e excluídos/as publicarase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org), sección porremprego.

Para o caso de que houbera aspirantes excluídos/as ou omitidos/as na devandita lista, estes disporán dun prazo de **1 día hábil** contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución aprobatoria da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as para emendar, de ser o caso, os defectos que motivaron a súa exclusión ou a súa omisión, así como para promover a recusación dos membros dos tribunais. Os/as aspirantes que dentro do prazo indicado non emendasen tales defectos de exclusión ou non alegasen a omisión xustificando o seu dereito a ser incluídos na relación de admitidos/as serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo.

Transcorrido o prazo anterior, ou no caso de non haber aspirantes excluídos/as ou omitidos/as, o Alcalde ditará nova resolución pola que aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos/as, e excluídos/as ao proceso selectivo, e fixará o lugar e a data da fase de concurso-oposición. Esta resolución aprobatoria da lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as publicarase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, no que tamén se publicará a resolución das solicitudes de abstención ou recusación, se as houbese, sen prexuízo da súa publicación na páxina web [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org), de forma complementaria.

O feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza aos/ás interesados/as a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente como se indica nestas bases.

### **5ª. TRIBUNAL CUALIFICADOR**

O tribunal cualificador estará formado por cinco membros: un/ha presidente/a, un/ha secretario/a e tres vogais e quedará integrado polos/as empregados/as públicos que designe o Alcalde, publicándose a súa composición consonte o disposto na base anterior, coa lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

A composición dos tribunais será predominantemente técnica e os seus membros deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á





esixida para o acceso ás contratacións convocadas. Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios/as interinos/as e o persoal eventual.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, os/as interesados/as poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas no párrafo anterior, conforme ao artigo 24 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal resolverá cantas dúbidas poidan exporse para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos supostos e na forma establecida na Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Tribunal de selección poderá incorporar asesores/as especialistas para os supostos nos que fosen necesarios.

## **6ª. SISTEMA DE SELECCIÓN**

O sistema de selección será o concurso-oposición.

### **Fase de Concurso:**

Previamente á fase de oposición realizarase a fase de concurso, que **non terá carácter eliminatorio**.

O concurso consistirá na valoración dos méritos aportados coas instancias e debidamente acreditados polos/as aspirantes admitidos/as. Se algún documento que fóra necesario para acreditar algún mérito non fose posible obtelo antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes indicado na base 4ª, poderá aportarse ata o momento de avaliación dos méritos polo tribunal.

O concurso, de conformidade co establecido na citada Orde do 26 de decembro de 2023, consistirá na valoración dos méritos debidamente acreditados coa solicitude polos/as aspirantes admitidos/as e segundo o





seguinte baremo que será acumulativo:

I.- Situación sociolaboral, familiar e persoal (base 14.5 da Orde Xunta).

**a).**- Ser muller, en especial aquelas que acrediten a condición de vítima de violencia de xénero: **0,50 puntos**. *(Acreditarase coa presentación de copias do DNI e da resolución xudicial firme ou orde de protección en vigor.)*

**b).**- Ser menor de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional: **0,50 puntos**.

*Este apartado acreditarase coa presentación da seguinte documentación:*

*- Copia do DNI, Informe de vida laboral actualizada expedida no mes de maio 2024 pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.*

*-Copia do documento acreditativo de non ter cualificación profesional expedido pola correspondente oficina de emprego.*

**c)** Persoas paradas de longa duración: **0,50 puntos**. *(Acreditaranse con copia do documento que xustifique o tempo que leve inscrito/a como demandante de emprego expedido pola correspondente oficina de emprego).*

**d)** Persoas con discapacidade: **0,50 puntos**. *(Acreditarase con copia de certificación ou documento oficial da declaración de discapacidade).*

**e)** Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tiveran dereito: **0,50 puntos**. *(Acreditarase con copia do documento xustificativo de tal circunstancia expedido pola correspondente oficina de emprego).*

**f)** Persoas desempregadas maiores de 45 anos: **0,50 puntos**. *(Acreditarase coa presentación de copia do DNI pasaporte ou outro documento equivalente vixente que acredite a idade e con copia do documento acreditativo de ser desempregado/a).*

**g)** Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia, ou as persoas trans: **0,50 puntos**. *(Acreditarase con copia de informe expedido polos servizos sociais do Concello no que estea empadroadado o/a interesado/a).*

**h)** As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España: **0,50 puntos** *(Acreditarase coa presentación de copia de Certificado de Emigrante Retornado (CER) emitido pola Área o Dependencia de Traballo e Inmigración da Delegación o Subdelegación do Goberno da provincia correspondente ao domicilio)*

**i)** Existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo do solicitante desempregado o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de





26 anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento. **Este apartado valorarase cun máximo de 1,00 punto**, do seguinte xeito:

APARTADOS	CARGAS FAMILIARES	PUNTUACIÓN
1	Por cada fillo/a menor de 26 anos e menores en acollemento	0,25
2	Por discapacidade igual ou superior ao 33% do cónxuxe, ou da parella de feito, ou de persoa/s convivinte en 1º grao de parentesco	0,50
3	Por título de familia numerosa	0,25

As circunstancias referidas no anterior cadro acreditaranse como se indica a continuación:

**-Apartado 1:**

Presentarase copia do libro de familia ou documento equivalente, copia da resolución de acollemento e certificado de convivencia expedido polo Concello no mes de maio de 2024, podendo presentar calquera outra documentación oficial que acredite a existencia de tales circunstancias.

**-Apartado 2:**

Os aspirantes que manteñan relación matrimonial, presentarán copia do libro de familia ou equivalente e certificado de convivencia expedido polo Concello no mes de maio de 2024, podendo presentar amais calquera outra documentación oficial que acredite a existencia de tales circunstancias.

Os aspirantes que formen parte dunha parella de feito presentarán copia da certificación de estar inscritos nun rexistro público oficial de parellas de feito e certificado de convivencia expedido polo Concello no mes de maio de 2024, podendo presentar amais calquera outra documentación oficial que acredite a existencia de tales circunstancias.

A discapacidade citada deberá xustificarse achegando copia do certificado do organismo oficial competente que acredite a mesma e a súa porcentaxe.

**-Apartado 3:**

Achegarase copia do título de familia numerosa en vigor.

**i) Que os/as aspirantes non foran contratados polo Concello do Porriño nos anos 2022 e 2023: 0,50 puntos.**

*Acreditarase coa certificación ou informe de vida laboral actualizado, expedido nos mes maio de 2024 pola Tesourería Xeral da Seguridade Social que se aporte coa solicitude.*

**II.- Formación: máximo 4 puntos.**

Valoraranse neste apartado a realización de cursos de capacitación







profesional sobre materias relacionadas directamente coas funcións propias da contratación obxecto destas bases, impartidos por centros legalmente autorizados ou recoñecidos, da seguinte forma:

- Ata 20 horas: **0,25 puntos** por curso.
- De 21 a 50 horas: **0,50 puntos** por curso.
- A partir de 51 horas: **0,75 puntos** por curso.

Os cursos ou actividades de formación que non especifiquen o número de horas valoraranse cunha puntuación de: **0,25 puntos** por curso.

*Os cursos acreditaranse mediante copia do documento que acredite a súa realización.*

### **Fase de oposición:**

A oposición consistirá nunha proba práctica de coñecementos sobre as ferramentas ou maquinaria a empregar segundo as tarefas propias do posto de peón/peoa forestal, a elección do tribunal.

Valorárase a calidade, grao de destreza e rapidez na execución das tarefas, así como aquelas outras cuestións que determine o tribunal e que as comunicará aos aspirantes antes da realización da proba.

Terá carácter eliminatorio e será necesario para superalo acadar 5 puntos do total de 10 puntos máximos.

### **7ª. CUALIFICACIÓN**

Realizada a fase de concurso-oposición, o Tribunal coas puntuacións obtidas elaborará unha lista cos/as aspirantes por orde decrecente de puntuación obtida e formulará ao Sr. Alcalde a proposta de contratación cos/as aspirantes que obteñan as maiores puntuacións.

No caso de empate na puntuación final entre dous/dúas ou máis aspirantes, este resolverase a favor do/a aspirante que acadara a maior puntuación no punto I.- Situación socio-laboral, familiar e persoal, e de persistir o empate dirimirase pola maior puntuación obtida no punto II.- Formación e de manterse este mediante un sorteo.

As puntuacións e propostas do Tribunal faranse públicas no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org), sección porremprego.

### **8ª. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

A Alcaldía á vista da proposta do Tribunal e unha vez xustificadas os

**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579





requisitos esixidos, resolverá o que corresponda; de xeito que a formalización do contrato debe realizarse na data límite que marque a resolución de ampliación de prazo autorizada polo órgano correspondente da Xunta de Galicia.

O/A aspirante proposto/a, ademais de cumprir os requisitos esixidos nestas bases, deberán xustificar, durante o período de proba do contrato, que non padece enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas a desenvolver, mediante certificación médica Oficial estendida en impreso, editado polo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Médicos de España, debendo amais levar estampado o selo do colexio médico provincial en que este certificado sexa estendido ou se o médico pertence a unha entidade sanitaria pública, no impreso Oficial da devandita entidade.

No contrato utilizarase necesariamente a modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral e deberá constar a declaración xurada do/a seleccionado/a de non desempeñar ningún traballo, posto ou actividade no sector público e que non realiza actividade privada remunerada, e de non incurrir en ningunha das causas de incompatibilidades de aplicación ao persoal das Administracións Públicas e de comprometerse a desenvolver a súa actividade profesional con pleno respecto ó disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas, así como ó disposto no R.D. 598/1985, de 30 de abril.

Para o suposto de que a persoa proposta non se presente a formalizar o correspondente contrato, non o puidera formalizar por algunha causa legal, ou unha vez, formalizado fora extinguido ou suspendido por causas legais, ou para outros supostos en que o contratado non puideran cumprir o contrato o Alcalde poderá formalizar un novo contrato polo tempo restante co/a seguinte aspirante que por orde de puntuación lle corresponda, sen que en ningún caso a duración total do contrato inicial e do substituto poida exceder de nove meses.

Con carácter xeral, cando se produza a extinción do contrato antes de que remate o período de tempo tomado como referencia para o cálculo da subvención, a entidade beneficiaria poderá contratar outra persoa en substitución daquela que causou baixa durante o tempo que reste para que remate o período subvencionado, sempre que a contratación se produza dentro dos 30 días seguintes ao da baixa na Seguridade Social da inicialmente contratada.

No suposto de baixas temporais que se prevexa que sexan de duración superior a 30 días, a substitución só será posible logo da autorización expresa da xefatura territorial correspondente á solicitude fundamentada da entidade contratante.

A nova contratación deberá cumprir os requisitos esixidos na orde de convocatoria para as contratacións iniciais subvencionadas, e deberá ser





notificada á xefatura territorial, indicando a causa da baixa, nun prazo máximo de 15 días desde a correspondente contratación.

Tanto no caso de extinción, como de substitución por suspensión do contrato, a selección da persoa substituta deberá levarse a cabo logo de solicitude á correspondente oficina de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia, agás que se trate de persoas candidatas remitidas por este na oferta inicial e cumpran a condición de demandante de emprego inscrita e desempregada no momento da súa contratación.

### **9ª. INCIDENCIAS**

O Tribunal resolverá as dúbidas que se presenten e tomará os acordos necesarios para a boa orde da selección. Así mesmo, o Tribunal poderá declarar durante o transcurso do proceso selectivo como excluídos/as a aqueles/as aspirantes que fagan uso de calquera actuación fraudulenta.

Contra os acordos do tribunal poderán interpoñerse o recurso procedente ante o órgano competente de conformidade co previsto na Lei 39/15, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **ANEXO I. MODELO DE SOLICITUDE**

MODELO DE SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO DE SELECCIÓN DEFINITIVA PARA A CONTRATACIÓN NA MODALIDADE DE CONTRATO DE TRABALLO TEMPORAL COAS CLAÚSULAS ESPECÍFICAS DE TRABALLOS DE INTERESE SOCIAL, A TEMPO COMPLETO DE 1 PEÓN/PEOA FORESTAL PARA A EXECUCIÓN DO SERVIZO "LIMPEZA DOS MONTES DO PORRIÑO APROL RURAL 2024".

D./Dna.			
DNI núm.		e con domicilio en	
Código postal		Concello	
Teléfono		ante o Sr. Alcalde do Concello do Porriño,	

EXPÓN E DECLARA EXPRESAMENTE:

- Que coñece e acepta as Bases que rexen o proceso selectivo, por concurso-oposición, para contratación laboral temporal para mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, con cláusula específica de traballo de interese social, a xornada completa de 37,5 horas semanais, durante un período de 9 meses, para a realización do servizo "LIMPEZA DOS MONTES DO PORRIÑO APROL RURAL 2024".
- Que reúne todos e cada un dos requisitos establecidos nas bases da

### **Concello do Porriño**





convocatoria que rexen o citado proceso de selección.

- c) Non estar comprendido/a en causa de encadeamento de contratos temporais nin contratado/a, por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2023 pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego. (Procedementos: TR351A, TR351B, TR351F, TR351G, TR352A e TR352B)
- d) Que achega coa presente a documentación esixida nas bases que rexen o citado proceso de selección:
- Copia do DNI ou tarxeta para os que non teñan nacionalidade española.
  - Declaracións responsables de cumprir os requisitos sinalados na base **TERCEIRA**, apartados **E), F), G) e H)**.
  - Certificación ou informe de vida laboral expedida a partir do mes de maio de 2024** pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
  - Documentación xustificativa dos méritos que aleguen que se valoran conforme se establece na **base SEXTA** das Bases que rexen o proceso selectivo.

Por todo o exposto,

**SOLICITA:** Ser admitido/a ao devandito procedemento de selección de 1 PEÓN/PEOA FORESTAL para o servizo "LIMPEZA DOS MONTES DO PORRIÑO APROL RURAL 2024", para a realización de tarefas de silvicultura, biomasa, limpeza de montes e outras tarefas de valorización forestal.

O Porriño, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024  
Asdo.:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DO PORRIÑO (PONTEVEDRA)

**Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde do Concello do Porriño**

